PROPOSTA DE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

MEMORIA FUNCIONAL **COMPLEMENTARIA**

CONSELLERIA: SANIDADE

Código RPT:	SA-2026-002-M
Descripción:	amortización e creación de dúas prazas
Obxecto da proposta:	Amortización e creación de dous postos de Inspector/a veterinario/o de saúde pública de Matadoiro

A esta proposta de modificación de RPT SA-2026-002-M, xúntase memoria funcional complementaria coas seguintes observacións:

1. A esta proposta de modificación de RPT SA-2026-002-M, inclúese a **amortización do posto de traballo co código SA.C03.00.002.15770.052.**

Trátase dun posto con denominación médico/a, adscrición ao subgrupo de clasificación A1, e nivel de complemento de destino 22.

Actualmente este posto carece de dotación orzamentaria, dado que o crédito empregouse para financiar a creación doutro posto na consellería de Sanidade, derivada de sentenza xudicial firme que recoñecía unha situación laboral de carácter indefinido, e a persoa afectada non podía ser adscrita a un posto de traballo vacante.

Deste xeito, o posto co referido código SA.C03.00.002.15770.052 non debe figurar na vixente RPT da consellería, que foi publicada no DOG Núm. 98 Venres, 23 de maio de 2025 mediante *Resolución do 13 de maio de 2025 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de maio de 2025 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde*.

Por tal motivo, resulta pertinente a amortización do posto de traballo co código SA.C03.00.002.15770.052.

2. Incluír a **apertura dunha xefatura de servizo** aos subgrupos A1-A2.

No DOG do 2 de xuño de 2026 publicouse o *Decreto 47/2026, do 1 de xuño, polo que se modifica o Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servicio Galego de Saúde, que* ten por finalidade a creación da Dirección Xeral de **Atención Primaria e**

Documento asinado dixitalmente por:
Natalia Lobato Mosquera (24/07/2026 11:30 CEST)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-64a85266-cf3d-43f8-ad49-36c398cfc4c9

Comunitaria como órgano de dirección do Servizo Galego de Saúde.

A referida Dirección Xeral de Atención Primaria e Comunitaria conta con dous servizos**:**

- a xefatura de Servizo de Calidade e Continuidade Asistencial en Atención Primaria, aberta aos subgrupos A1-A2 (CP: SG.S03.00.001.15770.030)

- a xefatura de Servizo de Xestión Asistencial en Atención Primaria, aberta **unicamente** ao subgrupo A1 (CP: SG.S03.00.001.15770.005)

En aras da homoxeneidade dentro da propia dirección xeral, resulta pertinente que a xefatura de servizo de Xestión Asistencial en Atención Primaria, resulte igualmente aberta aos subgrupos A1-A2.

Esta modificación de RPT non implica unha nova denominación nin recodificación de postos, nin tampouco custe económico ao xa estar aberto o posto ao máximo subgrupo de clasificación profesional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
A secretaria xeral técnica
Natalia Lobato Mosquera

Documento asinado dixitalmente por:
Natalia Lobato Mosquera (24/07/2026 11:30 CEST)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-64a85266-cf3d-43f8-ad49-36c398cfc4c9